

O día 1 de outubro de 2022 asinouse o Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a xestión do Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT. Cara á plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025. Na súa cláusula décima regúlase a Comisión de Seguimento para velar polo cumprimento do estipulado no presente convenio.

Así mesmo, segundo o estipulado na cláusula novena que regula o réxime transitorio, as entidades locais non adheridas ao Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT manterán de oficio a súa condición de aulas CeMIT.

Esta Comisión reuniuse o día 19 de decembro de 2023 e, atendendo ao disposto na cláusula décima de dito convenio, acorda ditar a seguinte instrución, a cal foi ratificada na Comisión de seguimento extraordinaria celebrada o día 30 de maio de 2024:

INSTRUCCIÓN PARA AS AULAS CEMIT PARA A REGULACIÓN DE:

- 1. NORMAS DE USO DO EQUIPAMENTO DAS AULAS DA REDE CEMIT.**
- 2. PARTICIPACIÓN EN INICIATIVAS OFERTADAS POLA AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNÓLOXICA DE GALICIA E/OU OUTROS ORGANISMOS COLABORADORES.**
- 3. IMPUTACIÓN DAS ACTIVIDADES REALIZADAS A TRAVÉS DA PLATAFORMA DE XESTIÓN DE AULAS, XEA.**

1. REGULACIÓN DO USO DO EQUIPAMENTO DESTINADO ÁS AULAS DA REDE CEMIT.

A entidade local colaborará e participará de forma activa no relativo ao uso do equipamento cedido pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia atendendo aos seguintes compromisos:

- A entidade local será responsable do mantemento do espazo onde se atope instalado o equipamento (atendendo ao mobiliario, auga, electricidade, telefonía, limpeza, material de oficina e funxible) e o seu emprazamento salvo causas xustificadas.
- Calquera tipo de equipamento cedido pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia deberá ser empregado para a realización de actuacións formativas para o impulso da capacitación e o talento dixital, e non poderá ser trasladado a ningunha outra dependencia da entidade local que non sexa a propia aula CeMIT. No caso de ser preciso trasladar algún tipo de equipamento para dar formacións fora da aula será necesaria a autorización previa da Oficina CeMIT.
- A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia asumirá a garantía e mantemento dos equipos previo aviso de calquera incidencia ao CAU, salvo nos



- casos nos que se determine un mal uso do equipamento (danos, golpes, roturas...) o que suporá que a súa reparación ou substitución sexa asumida pola entidade local.
- O material funxible da aula terá que ser repostado pola entidade local, incluíndo cartuchos de impresión, lámpadas de proxectores ou calquera outro material que precise unha renovación periódica.
 - Deberase comunicar á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia no prazo máximo de 72 horas de calquera incidencia na aula CeMIT que afecte á operativa ou ao equipamento.
 - No caso da realización de obras ou mantemento da aula CeMIT que impliquen a retirada provisional do equipamento, deberase comunicar á Oficina CeMIT dita retirada, así como o lugar de custodia e almacenamento temporal dos equipos durante a situación descrita. A custodia do material suporá garantir que os equipos non sufran ningún dano ou avaría.
 - A entidade local deberá facilitar, no caso de ser preciso, a realización dunha auditoría para avaliar o estado do local e o seu equipamento.
 - Non se poderá descargar software nin instalar nos equipos ningún tipo de programa ou aplicación sen autorización previa por parte de Oficina CeMIT.
 - Queda totalmente prohibido o acceso a páxinas con contidos inapropiados.
 - O uso indebido dos equipos ou modificacións graves na súa configuración poderá supor a expulsión definitiva da entidade local da Rede CeMIT.

2. PARTICIPACIÓN EN INICIATIVAS OFERTADAS POLA AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA.

- A entidade local dará prioridade á programación ofertada pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e/ou de outras entidades colaboradoras dentro do seu horario de funcionamento, sen prexuízo de calquera outro uso por parte da entidade local da aula CeMIT.
- Deberase asegurar a correcta execución das actividades nas que amose interese en participar garantindo a data/s e horario/s de realización fixados previo acordo entre as partes, así como un número mínimo de participantes que será determinado segundo a actividade. No caso de non chegar a este número, deberá comunicalo o antes posible ao enderezo cemit@xunta.gal.

3. IMPUTACIÓN DAS ACTIVIDADES REALIZADAS A TRAVÉS DA PLATAFORMA DE XESTIÓN DE AULAS, XEA.

- A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia revisará o grao de cumprimento do desenvolvemento de actuacións en materia de inclusión e talento dixital das entidades locais que contén cunha aula CeMIT a través dos datos de actividade da aula CeMIT rexistrados pola persoa responsable da aula na Plataforma de xestión de aulas CeMIT (XEA).



- É imprescindible que toda actividade levada a cabo na aula CeMIT estea rexistrada debidamente e respectando os tempos de realización na Plataforma de Xestión de aulas (XEA).
- Non está permitida a carga de actividades posterior á súa realización para garantir o seguimento e veracidade dos datos introducidos e o correcto funcionamento da plataforma salvo excepcións debidamente xustificadas e informadas a oficinacemit@xunta.gal.